

## **RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 29 DE XULLO DE 2024**

### **1. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2024/00035270B.**

[Aprobación de actas de sesións anteriores.]

Acórdase aprobar as actas correspondentes ás sesións da Xunta de Goberno Local extraordinaria e urxente do 5 de xullo e ordinaria do 22 de xullo de 2024.

### **2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00042090G.**

[Licenza de obras para cambio de uso de locais para vivendas e rochos dos locais sitios na rúa de San Clemente 30, Baixo D, Baixo E e rúa de San Clemente 32, Baixo B.]

Acórdase:

Primeiro.- Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto redactado polo arquitecto Carlos Romero Lage presentado o 04/10/2023 e Proxecto Reformado presentado na data 02/01/2024, cun orzamento de execución material de 106.657,90 €, obras para cambio de uso de locais para vivendas e rochos dos locais sitios na rúa de San Clemente 30, Baixo D, Baixo E e rúa de San Clemente 32, Baixo B Santiago de Compostela ( A Coruña).

Segundo.- Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, do 4 de marzo, de conformidade co informe do arquitecto municipal de data 14/06/2024 solicitada para cambio de uso de locais para vivendas e rochos dos locais sitios na rúa de San Clemente 30, Baixo D, Baixo E e rúa de San Clemente 32, Baixo B Santiago de Compostela ( A Coruña).

Terceiro.- Remitir copia da presente resolución á Dirección xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo, xunto con copia da solicitude de excepcionalidade e a documentación que achega.

### **3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2024/00014235K.**

[Licenza de obra maior de rehabilitación de edificio existente para mellora eficiencia enerxética no edificio sito na rúa de San Pedro de Mezonzo, 42.]

Acórdase conceder á comunidade de propietarios San Pedro de Mezonzo 42 licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución redactado polos arquitectos Manuel Cid Rodríguez e Javier Rivadulla Montaña de data de visado do 13/03/224 cun orzamento de execución material 182.463,37€, obras de rehabilitación de edificio existente para mellora eficiencia enerxética no edificio sito na rúa de San Pedro de Mezonzo, 42 Santiago de Compostela ( A Coruña).

### **4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00052804G.**

[Licenza de obra de rehabilitación enerxética, fachadas, cubertas e patios do edificio sito na avda Rosalía de Castro, 41.]

Acórdase conceder á comunidade de propietarios Rosalía de Castro 41 licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execucion redactado polo arquitecto Jesús Morales Rodríguez de data de visado do 21/11/2022 e documentación presentada nas datas 29/01/2024,12/04/2024,26/06/2024 e o 14/07/2024 cun orzamento de execución material 335.413,91 €, a rehabilitación enerxética de fachadas, cubertas e patios do edificio sito na avda Rosalía de Castro, 41 Santiago de Compostela ( A Coruña).

**5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00053193W.**

Licenza de obra de mellora da accesibilidade no Pazo Arcebispal situado na Praza da Inmaculada, nº 1

Acórdase conceder ao Arcebispado de Santiago de Compostela licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e segundo o proxecto de execución redactado polos arquitectos Salvador Fraga Rivas, Mercedes Martín Puig e José Luis Quintela Porro con selo de visado do 09/01/2024 e cun orzamento de execución material de 313.073,17 €, obras de mellora da accesibilidade no Pazo Arcebispal situado na Praza da Inmaculada, nº 1 Santiago de Compostela (A Coruña).

**6. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00011423L.**

Licenza de obras de ampliación de garaxe na vivenda sita na rúa de Manuel Murguía, 6.

Acórdase conceder a licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución reformado redactado polos arquitectos Manuel Carbajo Capeáns e Celso Barrios Ceide presentado na data 07/05/2024 e documentación complementaria presentada na data 11/07/2024, cun orzamento de execución material de 37.822,71 €, obras de ampliación de garaxe na vivenda sita na rúa de Manuel Murguía, 6 Santiago de Compostela (A Coruña).

**7. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00038596Y.**

Licenza para a restauración de fachadas exteriores, patios de San Juan e San Marcos, lonxa, drenaxe e iluminación do Parador Hostal dos Reis Católicos.

Acórdase conceder a PARADORES DE TURISMO DE ESPAÑA SME SA licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico asinado polo arquitecto Fernando Cobos Guerra en agosto de 2023 e cun orzamento de execución material estimado de 9.091.324,71 € e o proxecto básico e de execución con selo de visado do 18/12/2023 e cun orzamento de execución material de 8.809.557,45 €, a restauración de fachadas exteriores, patios de San Juan e San Marcos, lonxa, drenaxe e iluminación do PARADOR-HOSTAL DOS REIS CATÓLICOS sito na Praza do Obradoiro, 1 Santiago de Compostela (A Coruña).


**9. CONTRATACIÓN. Referencia: 2024/00017162G.**

Adxudicación do contrato que ten por obxecto, as "Obras de execución do proxecto de "Pavimentación do núcleo interior do lugar de Pedrido (Vilvestro)" /POS+ 2023"

Acórdase:

Primeiro: adxudicar o contrato que ten por obxecto, as "Obras de execución do proxecto de "Pavimentación do núcleo interior do lugar de Pedrido (Vilvestro)" / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ 2023" á empresa ALCOMTE GALICIA S.L., por un importe total de 171.839,09 euros (Base imponible: 142.015,78 euros, IVE do 21%: 29.823,31 €), sendo a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Segundo: comprometer o gasto por importe de 171.839,09 € con cargo á aplicación 070 45400 6190000, código de proxecto 2023 2 PPROV 35 4, conforme a seguinte anualidade e importe. Anualidade 2024: 171.839,09 euros.



## CONCELLO DE SANTIAGO

### 10. **CONTRATACIÓN.** Referencia: **2024/00014146R.**

Declaración de deserto do Servizo de redacción de proxecto e dirección facultativa (DO+DEI+CSS) "Naturalización da lagoa do Auditorio e restauración fluvial do río Corgo". Financiamento do PRTR. |

Acórdase:

Primeiro. Declarar deserta a licitación do expediente de contratación Servizo de redacción de proxecto e dirección facultativa (DO+DEI+CSS) "Naturalización da lagoa do Auditorio e restauración fluvial do río Corgo". Financiamento do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno de España (instrumento para o desenvolvemento dos fondos europeos de recuperación Next Generation UE), por non terse presentado ningunha oferta.

Segundo. Anular o gasto autorizado para este contrato con cargo á aplicación orzamentaria 040 17100 6090002 (código de proxecto: 2024 2 NGEES) por importe 100.789,71 € (Doc. contable A con número de operación 220240009134, contabilizado o día 30/05/2024).

### 11. **CONTRATACIÓN.** Referencia: **2024/00019400B.**

Corrección erro acordo da Xunta de Goberno do 15 de xullo de 2024 sobre o contrato de "Prestación do servizo de mantemento, conservación e mellora dos espazos verdes e arbolado urbano." |

Acórdase proceder á subsanación do erro advertido na proposta da concellaría de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local de data 14/06/2024, así como no acordo da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela do 15/07/2024, relativo a Autorización da cancelación do aval en concepto de fianza definitiva constituída pola empresa CESPA Compañía Española de Servicios Públicos Auxiliares, agora denominada PREZERO ESPAÑA SAU, para responder do contrato de "Prestación do servizo de mantemento, conservación e mellora dos espazos verdes e arbolado urbano", no que se refire ao nº de expediente, de xeito que:

Onde di:

Autorizar a cancelación do aval en concepto de fianza definitiva constituída pola empresa CESPA Compañía Española de Servicios Públicos Auxiliares, agora denominada PREZERO ESPAÑA, SAU., por importe de 547.390,08 euros (Avalista: BANCO COOPERATIVO ESPAÑOL SA, para responder do contrato de "Prestación do servizo de mantemento, conservación e mellora dos espazos verdes e arbolado urbano" EXPTE. 12/14.

Debe dicir:

Autorizar a cancelación do aval en concepto de fianza definitiva constituída pola empresa CESPA Compañía Española de Servicios Públicos Auxiliares, agora denominada PREZERO ESPAÑA, SAU., por importe de 547.390,08 euros (Avalista: BANCO COOPERATIVO ESPAÑOL SA, para responder do contrato de "Prestación do servizo de mantemento, conservación e mellora dos espazos verdes e arbolado urbano" EXPTE. CON/89/2013.- 12/14

### 12. **ÁREA XI. PLANIFICACIÓN E XESTIÓN TECNOLÓXICA.** Referencia: **2024/00034636K.**

Validación da omisión da función interventora para S/2024/53 con 8 facturas expedidas por Ricoh España SLU. |

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidacións dos gastos por importe de SEISCENTOS SETENTA E NOVE EUROS CON SETENTA E UN CÉNTIMO (679,71 €), que comeza pola número F/2024/1889 por importe de 93,85, e finaliza pola número F/2024/1897 por importe de 38,77 euros, en concepto de servizo de mantemento de fotocopiadoras en diversos departamentos municipais correspondentes ao período entre xaneiro e marzo de 2024, emitidas pola empresa Ricoh España SLU.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade da prestación, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

**13. ÁREA XI. PLANIFICACIÓN E XESTIÓN TECNOLÓXICA.** Referencia: **2024/00035102G.**

Validación da omisión da función interventora para S/2024/49 con 7 facturas emitidas pola empresa Ricoh España SLU. |

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de MIL TRINTA E NOVE EUROS CON TRINTA E CINCO CÉNTIMOS (1.039,35 €) que comeza pola número F/2024/1842 por importe de 23,91, e finaliza pola número F/2024/1895 por importe de 221,33 euros, en concepto de servizo de mantemento de fotocopiadoras en diversos departamentos municipais correspondentes ao período entre xaneiro e marzo de 2024.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade da prestación, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

**14. RELACIÓNS VECIÑAIS E MOCIDADE.** Referencia: **2024/00018736Z.**

Aprobación da concesión de subvencións ás asociacións veciñais sen ánimo de lucro de Santiago de Compostela, para o desenvolvemento de programas e actividades de interese xeral durante o exercicio 2024. |

Acórdase:

1. Aprobar a concesión de subvencións ás asociacións de veciños para o desenvolvemento de programas e actividades de interese xeral durante o exercicio 2024, de acordo co sinalado anteriormente e conforme a acta da comisión avaliadora celebrada o 20/06/2024, e conceder as subvencións detalladas na seguinte táboa para cada unha das entidades solicitantes:

	Entidade solicitante	Proposta final
1	AVV ZEZAR	2.378,90 €
2	AVV REGO DAS PEDRAS DE MARANTES	3.000,00 €
3	AVV SANDRA PREGO RIAL	3.000,00 €
4	AVV CAMPO DAS ESCOLAS DE BUSTO	3.000,00 €
5	AVV CIDADE HISTÓRICA DE FONSECA	3.000,00 €
6	AVV CAMPO DO MONTE DE NEMENZO	2.464,00 €
7	AVV CONXO ABERTO	3.000,00 €
8	AVV CASA AGRARIA DE MEIXONFRÍO	5.100,00 €

9	AVV CAMINO DE SANTIAGO DE BANDO	2.120,00 €
10	AVV FCO GARCÍA BEIRO DE MARROZOS	3.000,00 €
11	AVV MONTE DO GOZO AMIO - SAN LÁZARO	3.000,00 €
12	AVV PONTEPEDRIÑA	1.440,00 €
13	AVV AS CANCELAS	3.000,00 €
14	AVV MONTE LONGO	3.000,00 €
15	AVV RÍO SARELA A PEREGRINA	3.000,00 €
16	AVV A GRACIA	5.100,00 €
17	AVV RÍO SARELA SAN LOURENZO	3.000,00 €
18	AVV ÁLVARO CUNQUEIRO DE VISTA ALEGRE	5.100,00 €
19	AVV NOSA SEÑORA DE BELÉN	2.560,00 €
20	AVV A XUNTANZA	3.000,00 €
21	AVV BERDÍA	1.449,42 €
22	AVV PLATAFORMA DE GALERAS	1.808,00 €
23	AVV SANTA MARTA-CHOUPANA VEDESMA	3.000,00 €
24	AVV A XUNLLA DE LARAÑO	3.000,00 €
25	AVV MONTIE DE DIOS	1.320,00 €
26	AVV ANGROIS	556,00 €
27	AVV GUADALUPE A PONDEROSA	3.000,00 €
28	AVV SAN JUAN DE FECHA	3.000,00 €
29	AVV AS MARÍAS	3.000,00 €
<b>Total</b>		<b>82.396,32 €</b>

2. Aprobar a financiación do gasto con cargo á aplicación orzamentaria 070 33404 4890100 / 2024.

3. Aprobar a liberación do crédito sobrante por importe de 15.603,68 euros.

**15. BIODIVERSIDADE E EDUCACIÓN AMBIENTAL.** Referencia: **2024/00035131X.**

Aprobación da solicitude de subvención convocada mediante a resolución de 31 de maio de 2024, da Secretaría de Estado de Dereitos Sociais, pola que se convocan subvencións a entidades locais para a xestión de colonias felinas 2024.

Acórdase solicitar a axuda obxecto da convocatoria realizada pola Secretaría de estado de Dereitos Sociais, en réxime de concorrencia competitiva, para Xestión de colonias felinas 2024, destinadas ás entidades locais.

**16. SERVIZOS SOCIAIS.** Referencia: **2024/00025570V.**

Aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2024 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Asociación Banco de Alimentos de Santiago.

Acórdase aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2024 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Asociación Banco de Alimentos de Santiago pola contía de 5.000,00 € e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800010, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2024

(artigos 31,32 e 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII).

**17. LINGUA GALEGA.** Referencia: **2024/00021203C.**

Toma de razón da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago e a Asociación Cultural Correlingua para levar a cabo o programa Correlingua en Compostela 2024. |

Acórdase:

Primeiro: tomar razón da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago e a Asociación Cultural Correlingua para levar a cabo o programa Correlingua en Compostela de promoción do uso do galego como nexos de actividades culturais e de socialización que vinculan o ensino coa contorna social no ano 2024, cunha achega de 4.000,00 euros.

Segundo: comprometer o gasto, por importe de 4.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 010 33402 4890001

**18. CULTURA E FESTAS.** Referencia: **2024/00020252N.**

Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación do Conservatorio de Música Tradicional e Folque para a anualidade 2024. |

Acórdase:

1. Aprobar o texto do convenio e da concesión directa da subvención á Asociación do Conservatorio de Música Tradicional e Folque.

2. Aprobar o gasto por importe de 20.000 € con imputación á aplicación orzamentaria 080 33400 4890004, conforme ao previsto no artigo 22.2.a da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e aprobación do gasto.

3. Notificar ás persoas interesadas.

**19. CULTURA E FESTAS.** Referencia: **2024/00020255S.**

Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e os Cursos Universitarios Internacionais de “Música en Compostela” para a anualidade 2024. |

Acórdase:

1. Aprobar o texto do convenio e a concesión directa da subvención a Cursos Universitarios de “Musica en Compostela”.

2. Aprobar o gasto, por importe de 5.000 €, con imputación á aplicación orzamentaria 080 33400 4890007, conforme ao previsto no artigo 22.2.a da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e aprobación do gasto.

3. Notificar ás persoas interesadas.

**20. CULTURA E FESTAS.** Referencia: **2024/00016600V.**

Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e Performa Sociedade Cooperativa Galega para a anualidade 2024. |

Acórdase:

1. Aprobar o texto do convenio e a concesión da subvención directa a Performa Sociedade Cooperativa Galega.

2. Aprobar o gasto, por importe de 25.000 €, con imputación á aplicación orzamentaria 080 33400 4890008, conforme ao previsto no artigo 22.2.a da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.

3. Notificar ás persoas interesadas.

**21. CULTURA E FESTAS.** Referencia: **2024/00020398C.**

Aprobación da proposta de convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Cultural Cidade Vella para a anualidade 2024. |

Acórdase:

1. Aprobar o texto do convenio e a concesión directa da subvención á Asociación Cultural Cidade Vella.
2. Aprobar o gasto por importe de 20.000 €, con imputación á aplicación orzamentaria 080 33400 4890006, conforme ao previsto no artigo 22.2.a da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e aprobación do gasto.
3. Notificar esta resolución ás persoas interesadas.

**22. DEPORTES.** Referencia: **2024/00020374L.**

Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Federación Galega de Baloncesto para o ano 2024. |

Acórdase:

1. Aprobar o borrador de convenio coa FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO.
2. Aprobar a subvención nominativa a favor da citada entidade por valor de 28.000 € con cargo á aplicación 070 34100 4890013, aprobada no Pleno Ordinario de data 24 de abril de 2024.

**23. ASESORÍA XURÍDICA.** Referencia: **2023/00053666B.**

Tomar coñecemento da sentenza recaída no procedemento PA 510/2023 CA2 sobre reclamación de responsabilidade patrimonial por caída na vía pública. |

Resolución: Sentenza nº 176/2024 do 9.07.2024

Procedemento: Procedemento Abreviado 510/2023

Obxecto: Resolución desestimatoria de reclamación de responsabilidade patrimonial por caída na vía pública

Contía reclamada: 20.946,75 euros

A sentenza é favorable aos intereses municipais xa que desestima a demanda.

A sentenza é firme, contra ela non cabe recurso ningún

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitir ao Departamento de Vicesecretaría para os efectos do seu coñecemento.

**24. ASESORÍA XURÍDICA.** Referencia: **2024/00035142K.**

Tomar coñecemento da sentenza recaída no procedemento PA 442/2023 CA2 sobre solicitude de indemnización por gastos de manutención e desprazamento en período previo á toma de posesión como funcionario den prácticas. |

Resolución: Sentenza 179/2024 do 11.07.2024

Procedemento: Procedemento Abreviado 442/2024, do Xulgado Contencioso Administrativo nº 2

Obxecto: Resolución desestimatoria de solicitude de indemnización por gastos de manutención e desprazamento no período de prácticas previo á toma de posesión como funcionario de carreira.

A sentenza é favorable aos intereses municipais xa que desestima o recurso.

As custas impóñense ao recorrente.

Contra dita sentenza non cabe interpoñer recurso ningún-

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitila ao Departamento de persoal para os efectos do seu coñecemento

**25. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2024/00035270B.**

Tomar coñecemento das resolucións ditadas pola Alcaldía e polas Concellerías Delegadas.

Acórdase tomar coñecemento das resolucións ditadas pola Alcaldía e polas Concellerías Delegadas no período comprendido entre o 19 e o 25 de xullo de 2024.

**URXENCIAS**

**26. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2024/00024027S.**

**Proposta de nomeamento do Xurado do Premio Exeria a proxectos de creación literaria 2024.**

Acórdase:

1. Nomear como membros do xurado do Premio Exeria de proxectos de creación literaria ás seguintes persoas:
  - Andrea María Jamardo Seijo
  - Rosa Aneiros Díaz
  - Eva María Mejuto Rial.
2. Designar como secretario a Xesús Amado Reino, técnico de programación cultural da concellería de Acción Cultural.
3. Aprobar o gasto por importe de 225 euros con cargo á aplicación orzamentaria 080 33400 2330000. Promoción cultural. Outras indemnizacións.
4. Retribuír os membros do xurado do Premio Exeria de proxectos de creación literaria coa cantidade de 75 euros (líquido a percibir 63,75 euros + retención IRPF 11,25 euros).

**27. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00019310V.**

**Prorroga do contrato de prestación do “Servizo de mantemento e conservación do Monte Viso de Santiago de Compostela”.**

Acórdase:


Primeiro: prorrogar o contrato de prestación do “Servizo de mantemento e conservación do Monte Viso de Santiago de Compostela, reservado a centros especiais de emprego de iniciativa social e a empresas de inserción, consonte o establecido na d.a. 4ª da Lei 9/2.017 de contratos do sector público”. adxudicado a COREGAL PARQUES E XARDINS, S.L polo prazo de UN ANO, a contar dende o 1 de agosto de 2024 ata o 31 de xullo de 2025.

Segundo: aprobar e comprometer o gasto necesario por importe de 50.000 €, que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria nº 040 17100 2279900 co desglose por anualidades para o 2024 no que existe crédito adecuado e suficiente, e para o 2025 no que queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente, segundo se deriva dos documentos contables RC que se xuntan ao expediente:

- Anualidade 2024 (01/08/2024 ata 31/12/2024): 12.500,00 euros,
- Anualidade 2025 (01/01/2025 ata 31/07/2025): 37.500,00 euros.

**28. ÁREA IX.- MEDIO RURAL. Referencia: 2023/00006439G.**





**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

**Aprobación actualización proxecto construtivo “Pavimentación dos lugares de Bar de Arriba e Bar de Abaixo e Rúa dos Asidros”.**

Acórdase:

Primeiro. Aprobar o proxecto construtivo de data 24/07/2024 da obra “Pavimentación dos lugares de Bar de Arriba e Bar de Abaixo e Rúa dos Asidros”, redactado polo enxeñeiro de camiños D. Antonio José Durán Maciñeira, e que ten as seguintes características:

- Orzamento: 220.246,01 € + 46.251,66 € de IVE = 266.497,67 €.
- Prazo de execución: 6 meses.
- Clasificación do contratista: non esixible.

Segundo. Comunicar este acordo á Concellaría de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local aos efectos de dispor da financiación complementaria da actuación por un importe de 53.779,28 € (IVE incluído) e do incremento dos custos para a dirección facultativa, a coordinación de seguridade e saúde e o control de calidade das obras por importe de 3.388,11 €.

Terceiro. Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte como achega municipal o incremento do investimento incluído no plan POS+ 2023 por un importe de 53.779,28 €.

Carto. Comunicar este acordo á Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e para os efectos de actualizar a solicitude presentada ao abeiro do plan POS+ 2023.